



www.usc.gal/gl/estudos/gaos/ciencias-saude/grao-veterinaria



Grao en Veterinaria



www.usc.gal



Veterinaria

O Grao ten por obxecto formar profesionais capaces de previr, diagnosticar e tratar as enfermidades dos animais, controlar a súa reprodución, obter produtos de orixe animal vixiando o cumprimento da normativa en benestar animal, identificar riscos emerxentes, e coñecer e aplicar as disposicións legais.

Tipo Presencial

Área Ciencias da Saúde

Centro Facultade de Veterinaria
Avda. Carballo Calero s/n, 27002
Lugo
decafvet@usc.es

Campus Lugo

+info www.usc.gal/gl/estudos/graos/ciencias-saude/grao-veterinaria

Presentación

Interuniversitario: Non

Duración: 5

Número de prazas: 110

Data de inicio: Setembro

Plan de estudos

A titulación está distribuída en cinco cursos, cun total de 300 créditos, conformados por 72 créditos de formación básica, 216 créditos obrigatorios e 12 créditos optativos.

Mobilidade e prácticas

A mobilidade dos/as estudantes está regulada mediante o “Regulamento de intercambios interuniversitarios”. A través do Servizo de Relacións Exteriores xestiónanse programas de intercambio tanto nacionais (SICUE), como europeos (ERASMUS) e extracomunitarios (intercambios con países de América Latina ou países de fala inglesa).

Prográmanse un total de 24 créditos en prácticas tuteladas obrigatorias, cunha presencialidade do/a estudante do 85%, distribuídas en 3 disciplinas:

- Rotatorio clínico hospitalario: 7 créditos en rotatorio clínico polos diferentes servizos do Hospital Veterinario Universitario Rof-Codina, cunha avaliación final de competencias.
- Estancias clínicas: 9 créditos de estancia en clínicas externas ou desenvolvendo actividade investigadora clínica en veterinaria, cunha avaliación final de competencias.
- Estancias non clínicas e na administración: 8 créditos de estancia en granxas de produción de animais de consumo, plantas piloto, matadoiros, laboratorios de ámbito veterinario, industrias agroalimentarias e con profesionais dos Servizos Veterinarios Oficiais, ou desenvolvendo actividade

investigadora en veterinaria cunha avaliación final de competencias.

En canto ás prácticas externas optativas, os alumnos poderán ver recoñecidos un máximo de 6 créditos.

